

AUDITORIO DE GALICIA

TEMPORADA 2016/2017

REAL FILHARMONÍA
DE GALICIA

MAXIM EMELYANYCHEV

Director e Piano

31

venres

marzo

20.30 h



PROGRAMA

I

WOLFGANG AMADEUS MOZART (1756-1791)

Abertura de O rapto no serrallo, KV 384

Concerto para piano núm. 25 en Do maior, KV 503

Allegro maestoso

Andante

Allegretto

Maxim Emelyanychev, piano

II

WOLFGANG AMADEUS MOZART (1756-1791)

Sinfonía núm. 38 en Re maior "Praga", KV 504

Adagio-Allegro

Andante

Finale. Presto

Duración aproximada do concerto: 1 hora e 20 minutos

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Cincuenta músicos de diferentes nacionalidades achegan cada temporada a súa experiencia, formación, tradición musical, esforzo e ilusión para ofrecer ao público propostas sorprendentes. Coa orquestra colaboran de maneira habitual directores e solistas de recoñecido prestixio nacional e internacional, apostando por figuras consagradas e tamén por novos músicos que brillan no panorama musical. O seu director titular e artístico é o mestre Paul Daniel, Maximino Zumalave é o seu director asociado e Jonathan Webb o principal director convidado. Xestionada polo Consorcio de Santiago, nace en 1996 promovida pola Xunta de Galicia e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia.

VIOLÍNS I

Adriana Winkler (Concertino)
Ildikó Oltai
(Axuda de Concertino)
Victoria Jurov **
Ilya Fisher
Paula González
Kiyoko Ohashi
Yulia Petrushevskaya
Anna Alexandrova

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Natalia Cid
Irina Gruia
Gyula Vadaszi
Enrique Roca
Elina Viksne
Samira Ajkic

VIOLAS

Tilmann Kircher *
Ionela Ciobotaru **
Iriana Fernández
Anne Schlossmacher
Oxana Bakulina

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska **
Millán Abeledo
Carlos García
Thomas Piel

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Oriol Xicart

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Luis Soto **

ÓBOES

Avelino Ferreira *
Verónica Cruz (R)

CLARINETES

Beatriz López *
Vicente López **

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **
Azucena Miras ***

TROMPAS

Jordi Ortega *
Xavier Ramón **
Alfredo Varela *

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llátser **
Borja Suárez ***

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

M^a Isabel Diego (R)
Roberto Bao (R)
Pablo Salgueiro (R)

Maxim Emelyanychev Director e Piano

“Risoño, enérxico, vivaz. Dirixindo sen batuta, co xesto libre, realza a beleza desta peza cunha impresión permanente de impulso e rebote, que golpea o núcleo do espírito de Haydn”. Le Figaro, maio 2016

“Un prodixio na nova concepción, case aristocrática, da dirección orquestral”. Codalario, maio 2016

Maxim Emelyanychev, director titular de Il Pomo d’Oro, é un destacado representante da nova xeración de xoves directores. Nacido en 1988 no seo dunha familia de músicos, primeiro estudou dirección de orquestra na Escola de Música de Nizhni Nóvgorod. E logo continuou a súa formación na clase de dirección de Gennady Rozhdestvensky no Conservatorio Estatal Chaikovski de Moscova; e recibiu clases de fortepiano e clave con Maria Uspenskaya. Ten gañado numerosos concursos internacionais, entre eles o Hans von Bülow de piano (Meiningen, 2012), o concurso de clave Musica Antica (Bruxas, 2010) e o concurso Volkonsky de clave (2010, Moscú). Debutou na dirección con 12 anos e dende entón tense posto á fronte tanto de orquestras barrocas como sinfónicas.

Colabora con artistas do talle de Riccardo Minasi, Max Emanuel Cencic, Xavier Sabata, Julia Lezhneva, Sophie Karthäuser, Franco Fagioli, Dmitry Sinkovsky, Alexei Lubimov, Theodor Currentzis ou Joyce Di Donato.

Dirixe Il Pomo d’Oro nos seus múltiples proxectos: *Tamerlano* de Haendel (Versalles, Hamburgo, Viena, Colonia, Ámsterdam, Londres...); *Arias Napolitanas* con Max Emanuel Cencic (Nova York, Múnic, París, Lyon, Rouen, Berna, Sevilla...); a *Partenoppe* de Haendel (París, Ámsterdam, Madrid); ou *Guerra e Paz*, programa de arias de esplendores barrocos con Joyce Di Donato (Versalles en 2016 para continuar cunha gravación para Warner Classics e longas xiras de concertos mundiais en novembro-décembro de 2016 e maio-xuño de 2017); xunto cun programa de Haydn-Mozart no Teatro dos Campos Elíseos de París, con Katia e Marielle Labèque nos *Concertos para dous pianos* de Mozart en maio de 2016.

A súa carreira con orquestras sinfónicas comezou con numerosas orquestras rusas -Filharmónica Nacional Rusa, Solistas de Nizhny Nóvgorod ou a Filharmónica de Nizhny Nóvgorod, entre outras-. E continúa no eido internacional coa Sinfonietta de Sofía, Sinfónica de

Varsovia ou a Real Orquesta Sinfónica de Sevilla, que o convidou a realizar unha produción de *Don Giovanni* no Teatro de la Maestranza en 2014.

Durante a temporada 2015-16 dirixiu a Orquesta Nacional de España, a Real Filharmonía de Galicia e a Real Orquesta Sinfónica de Sevilla; orquestras coas que repite na presente temporada. Ademais, entre outros proxectos, regresará a Versalles e ao Teatro dos Campos Elíseos de París para unha produción da *Rodelinda* de Haendel e á Filharmónica de París para un concerto con Patricia Ciofi.

Como clavecinista, Maxim Emelyanychev gañou o máis importante premio teatral ruso, a “Máscara de Ouro”, coa produción teatral de *As vodas de Fígaro* na Ópera de Perm (en CD por Sony Classics). Con Il Pomo d’Oro lanzou un CD en 2015 (Decca) con *Arias Napolitanas* con Max Emanuel Cencic, seguido dun álbum dobre de Haydn con Riccardo Minasi (Erato), ambos como director e clavecinista; ademais dun CD (Erato) con Joyce Di Donato.

Wolfgang Amadeus Mozart tiña 25 anos cando viaxou a Viena para intentar marcar o rumbo da súa carreira. Alí, instalado coa familia Weber, compoñía, e, namorado, pretendía casar con Constanze, a filla da familia. Nesa época, o emperador Joseph II encárgalle unha ópera *O rapto no serrallo*, na que moitos ven certas analoxías coa trama e a súa situación persoal, como as dificultades polas que atravesaba o amor de Mozart cara a Constanze, cuxa nai se opoñía ao matrimonio. O certo é que, aínda definida como divertida e entretida, é una obra de gran profundidade emocional que inclúe personaxes moi polifacéticos dunha complexidade insospeitada. A escritura de Mozart contén multitude de resonancias da ‘música turca’, que divertía moitísimo o compositor na que irradia xenio e agudeza buscando novos recursos, cun orixinal sentido da estrutura lírica con distintas expresións musicais segundo as características dos personaxes. Deste xeito, por primeira vez no catálogo mozartiano aparece un colorido orquestral diferente, agregando recursos sonoros de instrumentos como triángulo, trompa, frautín e platillos cuxo resultado son efectos exóticos e orientalizantes. A ópera comeza cunha breve abertura de cor que se une sen solución de continuidade á acción teatral, e introduce ao espectador no ambiente de fábula e atemporalidade da ópera. Os seus primeiros compases resultan estraños pois, lonxe de seren rotundos, teñen certo aire de transición e anuncian a aparición da música dos xanizaros que, a modo de introdución vigorosa, nos sitúa na acción que vai suceder e no clima exótico que arroupa toda a obra.

No extenso catálogo do compositor de Salzburgo figuran 27 obras recollidas como concertos para piano e orquestra, aínda que os catro primeiros son adaptacións de obras doutros autores nas que xa deixa entrever a súa mestría na orquestración. O seu primeiro concerto orixinal chega en 1773 e, un ano antes da súa morte, finaliza o número 27, distante, por unha evolución moito máis evidente que entre as súas sinfonías. Mozart acaba o *Concerto núm. 25 en Do maior* o 4 de decembro de 1786 e ao día seguinte á súa estrea en Viena, remata a partitura da *Sinfonía núm. 38 K. 504*, sinfonía de repertorio, mentres que o concerto foi esquecido tras morrer o compositor e non volveu aos atrás ata 1934, de novo en Viena. Un fastoso tutti orquestral abre o concerto cun motivo de catro notas que evoca o inicio da *Quinta Sinfonía* de Beethoven, escrita vinte anos despois, e que configura os dous temas que compoñen o primeiro movemento. O solista aparece por primeira vez alternando coas cordas. A coincidencia de

contexto, de punto de partida, de condición compositiva, e de intencións, son analoxías do concerto coa *Sinfonía Xúpiter*, que se reforzan no sereno *Andante* central, cheo dunha suave pero radiante luz; é o movemento de textura máis sinfónica dos tres, e no que o piano vai acompañado case en todo momento por cordas e madeiras. O *Allegretto* é un elegante *rondó* que equilibra vivacidade e sutileza no que Mozart recolle momentos de obras anteriores como a *gavota* do final do ballet da ópera *Idomeneo*. Unha vez máis o piano regresa ao tema inicial que repite a orquestra e, cunha coda baseada no mesmo, chega o final.

Praga foi, sen dúbida, a segunda patria de Mozart, onde se converteu nun ídolo local da man do empresario Pasquale Bondini, tanto, que as súas composicións eran tarareadas polas rúas e interpretadas nas reunións sociais. É por iso que Mozart quixo regalar a Praga unha das súas mellores obras: a *Sinfonía núm. 38 en Re maior*, que subtitulou co nome da cidade e estreou para o público (antes houbo unha audición en Viena) en Praga o 19 de xaneiro de 1787. Grandiosa, de ritmo persistente e repleta de sorprendentes modulacións, a sinfonía, algo xa completamente atípico para ese momento do século XVIII, está dividida en tres movementos: o primeiro movemento é un *Adagio* profundo e sobrio que contrasta co *Allegro*, cuxo elegante e enérxico primeiro tema parece ser a orixe do que máis tarde se convertería na abertura de *A frauta máxica*. O *Andante* podería parecer un tempo lento característico de Mozart, pero, en realidade, é refinado e suxestivo, con audacias harmónicas e unha virtuosa conxugación de tonalidades, ademais dunha instrumentación de rico cromatismo. O *Presto* final alude a un tema de *As vodas de Figaro*, en concreto, ao tema principal, desenvolvendo os temas motivicos con elegancia, brillante orquestración e un xogo rítmico que ofrece un aire de danza alegre e radiante. A falta de clarinetes, instrumento preferido de Mozart, fixo que cargase as tintas nas outras madeiras: frautas, fagots e óboes que protagonizan tanto o desenvolvemento temático como os xogos tonais, e así, a sinfonía, conclúe chea de vida, seguramente cunha alegría como só Mozart podería contaxiar.

PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 6 de abril

19.45 h

Conversando con Jonathan Webb

20.30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Jonathan Webb, Director

Sam Furness, Tenor

B. Britten Les Illuminations op. 18

D. Shostakovich Sinfonía núm. 10 en mi menor

Xoves 20 de abril

20.30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Fabien Gabel, Director

Eric Le Sage, Piano

F. Mendelssohn, Abertura Ruy Blas op. 95

R. Schumann, Concerto para piano e orquestra
en la menor op. 54

A. Honegger, Sinfonía núm. 4 *Deliciae Basilienses*

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 57 10 26

T 981 57 39 79

OFICINAS

T 981 55 22 90

T 981 57 41 52

www.rfgalicia.org

www.compostelacapitalcultural.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCapitalCultural



@rfgalicia

@CCultura

